

Dende o Espolòn de Ourense

POR

RAMON OTERO PEDRAYO

Pra homenaxe à figura senlleira e universal, tan enxebremente portuguesa, do Dr. Mendes Correia, mestre e amigo.

Na vella cidade bispal e acesa no espírito dos antigos concellos, romàn por as primeiras raíces históricas afundadas no escuro e nutricao terròn céltigo, hai unha praza, calma, lumiosa, cecàis un pouco escéptica por vella e lembradoira, e na banda de ourente de ela, onde aínda se amparan unhas às outras as máis vellas casas, un «palco» chamado «O Espolòn». Levantado sobre tres degraus de pedra — teñien cambeado segùn as modificaciòs do pavimento da praza — macizo, con barandal de ferro e asento corrido de pedra, loce e adiante servindolle de paseo ò ar libre, o soportal de doce ocos de arcos de pedra, e un ocupado por sinxela trabe hourizontal en platabanda... O soportal de pequenas tendas, as máis librerías, por onde se pasearon señores de todos os partidos políticos, de todas as ideas axitantes ou acalmadas do século XIX...

¿E dinantes? Fuxamos da tentación do Ourense do XVIII, cas súas curtesanías i etiquetas, seu clero requintado, súa burguesía receosa, seu pobo, ledó, humorista, preguiceiro, às veces ergueito en cóleras, ardente defensor dos seus dereitos. Pra nós, o espírito e os ritmos do XVIII rematan no 1818, cos solenes funerales de pompa barroca e fina oratoria do bispo-cardeal Sr. de Quevedo y Quintano. Cinguimos o noso estudo no hourizonte cidadàn do Espolòn, pois dende il miraron decorrer a historia e os trocamentos dos costumes, os cregos absolutistas, os maorazgos do antigo réxime, os liberàs de enérxico acento, os românticos aqueloutrados... Por aquil soportal paseaba o fino e culto deàn Bedoya, o grande vate dos silenzos tecelàns de poema de outàn pulo CURROS ENRÍQUEZ, o elegante OXEA, o apaixonado ALBERTO

GARCÍA FERREIRO, o LAMAS CARVAXAL malencònico e acedo. Houbo no agasallo dos arcos a botica de Seara, ca súa tertulia na que cada xenerazòn deixaba a cinza quente dos seus ensoares. Alí se abrián cedo os despachos de sonados letrados, e nos balcòs de ferros de alcachofa e nas raiosas galerías asomàronse belidas donas e vellas señoras das millores xineas ourensàns, pra enxergar no àmbito da praza o sol e o chover, a festa popular, a cerimonia política, a pompa relixiosa, sin pensaren, élas, as donas e doniñas, que enxergaban o decorrer da historia...


Pro nòs temos que fuxir da espreita da historia dende o palco do Espolòn. Foron moi locidos os aitos da proqramación de Isabel II, as xuras das Constituciòs, as barricadas dos Federales, as precisiòs cívicas. Dende o Espolòn quixéramos assistire ò decorrer de unha historia màis fonda i entranada: a dos costumes, máinos e podentes da vella cidade. Un estudo fermoso, e tamén cheo de adeuses e tristuras.

Os trocamentos das «formas de vida» teñen un particular interés, ò largo da século XIX, nas pequenas cidades bispales e fidalgas, de vella historia fundamente enraizada na campia, no mesto e tradicional vivir das aldeas.

Niste senso, Ourense amòsase un esceario sin comparanza na Galiza. A difrenza das màis das outras cidades galegas, Ourense non tivo estradas pra coche hastra arredor de 1860. Dinantes, non coñecía nin o carromato comercial dos «maragatos» e demàis «transportistas» de entòn, nin a dilixencia dos cabaleiros e dos romànticos. Envolve à cidade un farto e complexo mundo de viñedos. Os ribeiros seguen a corrente do río deica xuntàrense cos sonados da Avia. O xenuíno ribeiro ourensàn alenta cada día, conforme òs toques da torre da catedral adicada a San Martiño. Tampouco a «montana» està lonxe, cos seus cultivos de centeos, seus liñares, seus soutos de castiñeiros. As súas formas axexan, dende os outos, os termos baixos i estreitados da paisaxe ourensà. Ben perto estàn: A Rabeda, ricaz cas colleitas de ulentes fenos, a Peroxa, os Chaos de Amoeiro, por a beira dereita do río; as terras de Montes, as de Esgos, a mesma do outo Arnoia, chegan axiña por os velhos camiños às portas de Ourense. Por a súa ponte, por a festa do Cristo, por outras causas, Ourense chama por todos os camiños da Galiza do S.O. e moitos do Portugal do norde, montesío, finamente aldeàn.

Noutro tempo, inda nestora, os labregos da beira dereita do río metían un pequeno callau na boca dos seus rapaciños e nenas, cando por primeira vez pasaban a ponte de Ourense. Siñificaba, fermosa-

mente, o paso do verde, máino e confiado mundo labrego, pra o ambiente novo, cambiante, bulreiro e analítico da cidade, onde compren ollos e falas prontas e listas pra se non deixar gandar por o comerciante onceneiro, por o rillote ou o menestral bulrista. Por o procedimento «demosteniano» da pedriña, os rapaces tiñan de soltar a língoa.



Nas relacións dos labregos cos perigos e os encantamentos da cidade, se non debe esquecer a presenza dos «graxos da Burga», a malta ou «golferia» ourensán de risa e maus listas e de moito inxenio. O millor e máis cerne dos graxos da Burga de unha certa época, foi compridamente historiado por VALENTÍN LAMAS CARVAXAL nun artigo de superior valencia folklórica. Pro hai moitos contos e verdades sobre os «graxos da Burga» e a súa priguiza e listeza, espalladas tamén, según os tempos, a menestrales e aínda a señoritos.

Dín que no 1830, ou arredor, o terrible xeneral Eguía que mandaba rasurar en seco os bigodes dos labregos por consideralos símbolo liberal, recolléu unha leva de xente perdida de Ourense pra incorporala ò exército, e ténndoos formados na Alameda ou na Horta do Concello, perto das Burgas, dixo irónicamente moi sadisfeito: — «¡Con que

éstos son los vagos de Orense!», respondendo unha voce de entre as filas: — «Sí, señor, e nos levan, pro eiquí quedan as cangas». O graxo, pouco respeitoso cas patillas absolutistas do xeneral, xogaba cas palabras galegas de «bago» ou uva e «canga», capio, sostén e como nai ou matriz da uva.

Un costume sen dúbida nado nas esmorgas tabernarias dos graxos da Burga, e às veces levado a circos algareiros da xuventude burguesa, foi — e non sabemos se aínda tén algunha vida — o da «rolla». Siñifica o castigo e bulra da vaidade, da valeira finchazòn. Si nun circo aparez ún dándose importancia ou decindo palabras moi panforreantes ò remate de un xantar, alguén de acordo ou por mandado de outro, dalle na cara cun trapo ou rolla moi añudado e mollado na auga fría dos vasares da cociña. Chàmase o feito «andar à rolla»: ispiraba un medo cerval nas reuniòs de outro tempo da xente popular, a sospeita de que iba «andar à rolla», que tamén era choutada de un en outro. Moitas veces a «rolla» rubía òs casinos señoriteiros.

As badeladas da catedral e das eirexas mensuraban o día, como as festas, todas de cerne relixioso, escandían os tempos do decorrer do ano en concordanza cas sazòs dos traballos labregos. Unha interpretación da vos das campàs era a seguinte:

*«En Vilela morréu unha vella,
en Vilela morréu unha vella»*

contaba moi falangueira a campaiña de Santo Domingo ou a das Mercedes, à que preguntaba a mãis grave da Trindade:

«¿Qué deixòu, qué deixòu?»,

seguindo entre ambas o diàlogo:

— *«Unha manta vella e un cobertor»*
— *«¿Còmo as partir, còmo as partir?»*:

aconsellando a grosa voce de baixo da campà mestra da catedral:

«Ò longo, ò longo, ò longo».

No decorrer do século, e deica ben entrado o presente, cada mañàn tocaba unha hora enteira — de seis às sete, ou das sete às oito

asegùn as sazõs — a campana de «Prima» da basilica, overtura monástica e claustral da xornada. Dende o domingo dá Resurreición do Señor deica o día de Corpus, despois de soar as doce, tocaba ledamente na catedral un esquilón chamado o «tantarulo». Sinalaba o comenzo do xantar das legumes novas. Era o canto da primaveira.

Os días do ano pechábanse às oito, ou às nove, da noite, co toque da campà de San Francisco. Primeiro foron os frades, despois o sacristán da eirexa, eiscaustrados os Menores. Como acaròn se fixo o cemiterio novo, dende 1840 aquil soar asociábase ca idea da morte e dos «mementos» espallados por os franciscàns.

Na festa do San Lázaro manxábanse abeleiras e melindres de Ribadavia. No día da Ascensión estrábase de fiunchos i herbas ulentes, a catedral. A Semana Santa desenrolábase penitente e relixiosa. Dúas formas características eran as «carracas» e as «trécolas». Nas maus dos rapaces e nas de moitos homes artesàns da boa rexouba, as carracas e os grandes carracòs de roda abouxaban as eirexas e as rúas nas Vísperas e Oficio de Teebras, co seu trono encadeado e axordante. O baixo e rallante bruído das «Trécolas» chamaba dende a torre, en lugar das campàs, nos días grandes de Semana Santa. Era un bruído non desemellante ò que fan as cicoñas cos picos nos seus niños de de leña, nas espadanas das eirexas castelàs. Non coidamos recollido, como non sexa nalgunhas pàxinas novelísticas, os aitos e o dramatismo do Descendimento, o Desencravo, na praza no pòrtico sinxelo do Concello. Acodían os santos dende as diversas eirexas. Sempre San Xoàn, que rubía da Trindade e chegaba por os bairros da Burga o saír por a Barreira na Praza, conquería o amor e simpatia dos labregos que pasaban a noite enteira no banco de pedra do Espolón, e nas escaleiras de Santa María a Madre, pra non perderen chisco da función do mencer. Os graxos da Burga facían con íles mil xudiadas. Cosían as chaquetas de us nas de outros, botábanlles ratos famentos e foguetes estoupantes.

San Antonio era festexado na eirexa do San Francisco. Nela gardábase a mau de unha muller que a perdera na Burga, ò teimar lavar a roupa o día do santiño. Tiña algùn espírito a romería no Campo de Aragón, antigo dos franciscàns. Os Maios ourensàns teñen sido estudados moi ben por os folkloristas galegos. Grande festa a de Corpus, chamaba e segue chamando por xentes de moi lonxe: da diócesis de Mondoñedo, no norde galego, e de Tras-os-Montes. Estralan na capela, de graves e ledos ouros barrocos, os laios e insultos dos endiañados. Non era raro ouvir de algùn demo ou diacho en figura

de cobra, ou de sapiño vomitado por algunha boca. Un caraiter ten o Corpus vello ourensán: os peleriños labregos fan o máis cedo que poden as súas oraciós, e camiñan sen facer romaxe profano.

Festa leda e sonada, sen xente de afora, era a do San Roque, vodo da cidade no Hospital e a súa capela da Alameda. Era festa do vran e das espigas de millo, como das primeiras uvas e froitas do outono, a da Virxe dos Remedios perto do río e da ponte, o 8 de setembro. O señorío, que xa entón tiña voltado dos baños de mar e das estaxes nos pazos e casas da montana, e se dispuña pra a vendima, acodia ò campo dos Remedios e alí compría «bailes de sociedade» ò son dos violís, entre o algairear das gaitas e o pranto baixo, namorado ou supricante ou rebuleiro, das zanfonas. No «Semanario Pintoresco Español», órgão dun dos tempos românticos, publicouse unha fermosa estampa de ista festa dos Remedios. A ela acodian, como a outras moitas, os «ensabanados», envoltos nos seus sudarios que algûs gardaban postos todo o día.

Como en terra de viño, sempre foron en Ourense fundamente celebradas as festas outonizas dos Difuntos e do San Martiño. Encetábase o viño novo. Na do San Martiño, os cotos penedosos e as hortas pobóanse de xentes de toda cras facendo os «magostos», merendas rituales a base de castañas asadas. Inda hoxe San Martiño é un día de beleza saudosa si o serán se despide calmo, tristeiro e dourado, namentras o fume azul dos magostos se ergue con un ár de sagrifizo antigo. Teñen ou tiveron sona, outras festas de aldea ou de barrio. Na de San Bieito de Coba de Lobo levan os entangarañados. Moita xente da aldea teimaba chegar às festas do suburbio ourensán por os camiños e atallos, sin cruzar por as rúas da cidade. No camiño do San Bieito e noutras festas, as mociñas da aldea tiñan de ter moita conta de sí e non ficar soiás nos vieiros, pois da cidà saían homes pra as disfrutare, máis de que por o pracer, pra desbotar en corpo virxe de muller o medoño i escuro mal do «gálico», que de aquil xeito e fazaña de sàtiro se pensaba sandado pra sempre.

Inda gardan un refrexo da súa beleza, as festas do San Xoán e do San Pedro cos altarciños postos nos portales por os nenos. No XIX alumeábanse con cunchas cheas de òleo, como lampariñas. Outras festas pequenas como as dos Santos Cosme e Damián, a do Portovello, animaban praciñas e arrabaldos. En moitas, os veciños de outros barrios tiñan de pagar un dereito de entrada. Na campía algunhas festas, como Santa Mariña do Monte, Santa Lucía de Rairo, a Candelaria e San Pedro de Cudeiro, o Sant-Iago das Caldas, a Santa Marta

de Velle abogosa dos ouvidos, a Virxe de Reza patroa da chuvia do vran, o lembrado San Bieito de Cova de Lobo, a Santa Agueda de Seixalbo, chamaban por a xente ourensà que tamén chegaba máis lonxe, coma ò San Wintila de Punxin ò que se ofercían, e seguen ofrecendo, moitas unllas e cacheiras de porco. O oficio de carnicero e cortador sempre foi admirado, sen dúbida por a fartura suposta, na aldea galega. De dous soados cortadores ourensàns cantàbase:

«O *Xabandas e Marròn*
van ó San Wintil:
O Xabandas toca o bombo
e o Marròn o tamboril.»

Foi ben repetido o ár e tema de marcha de gaitas e zanfonas da Santa Lucía en Rairo: a Santa é levada por mulleres casadas, dende a eirexa da Trindade de Ourense. O grande artista Faustino Santalices tócaa belidamente na zanfona, de cuia arte parés ser o derradeiro e ilustre representante. Inda non ten morto outro vello tema do folklore musical de Ourense: a «danza do pé». Tense dito, non sabemos si con verdade, ser propia dos mestres e xentes da Obra prima. Hai formas dexeneradas, «tropicalizadas», da danza do pé, en que o danzante vaise ispindo pouco a pouco hastra certo marco...

Un pouco engaiolados no gosto das festas ourensàs — os «Tangaraños» de Curros Enriquez son un dos mellores comentares literarios de algunha delas — esquecimos unha miga feitos e costumes siñificativos. Pra teimar un estudo enteiro precisaríanse ordenaciòs cronolòxicas. É moi fondo e ricaz o século XIX. Datas intresantes no clima social como decraraciòs dos seus trocamentos, son, pra nós, en primeiro termo a Desamortizaciòn comezada en grande no 1837, e a chegada da estrada de Castela a Vigo — oficialmente de Villacastin a Vigo — no 1864 ou arredor, pois foi obra longa e calmosa.

Na vella cidade figuraban na rúa, no hourizonte do Espolón en primeiro termo, as formas do vivir ecresiástico. Unha delas duròu deica o remate do século XIX, con pequenas pausas en tempos de forte cheamar progresista: a estudiantina clerical. Os seminaristas, moitos centos de eles habitaban case toda a carreira en pousadas. Levaban os hàbetos ecresiásticos con sotana e manteo, e sombreiro dos chamados — non en Ourense, en outras diòceses galegas — de «corno pra adiante». A detremiñadas horas, à saída das crases de media mañàn, Ourense figuraba unha vila escolàstica. Os manteos, ca chuvia, chei-

raban a estameña. Os escolares pousaban por grupos en pousadas probes nas que moitos pagaban, nos derradeiros do XIX, tres ou catro reás ò día, por o leito e tres cuncas de caldo. O xantar restante ou «compango», así coma o pan, levàbano os estudantes das súas casas, pois a maioría eran de xente labrega. Pagaban eles a lus, de aceite primeiro, de petróleo — chamando «gas»; en Ourense non houbo «gas do alumbrado» — despois, estudando todos xuntos arredor dunha mesa. A entrada das mantenzas e das latas de petróleo daba orixen a un contrabando, às veces dexenerado en loita ca tropa brasfema e ladroeira dos consumeiros. Isas loitas máis de unha vez acendéronsee en verdadeiros motíns, nos que se queimaban como colmeiros as casetas dos axentes dos consumos.

Os seminaristas — chamados malinamente «corvos» — poboaban de apaseio en grupos os arrabaldos, percorrían os soportás da Praza, non se estrelando co Espolón por o moito señorío, daban serenatas às mozas. Dinantes da Desamortización, a filosofía e humanidás estudábanse nos conventos dos Pregadores e sobre todo nos dos Franciscàns, por os estudantes legos que se dispuñan òs estudos universitarios. Tamén, e hastra mediados de século — 1845 inauguranza do Instituto de Segunda Ensiñanza —, facíanse no Seminario aqués estudos.

O Espolón miròu os sucesivos trocamentos do clima social e dos costumes. Chegaban os labregos vestidos de pardomonte e lenzo, cheirando a campía e chuvia, ò mercado que se espallaba perto da catedral e da praza, por a chamada das «Olas», por a Barreira. Debaixo dos soportás das casas dos prebendados tiñan os seus logares as panadeiras de Cea e as de outras crases de pan, de elas o «pan francés» interesante novidade imposta por un emigrado; había os postos das pulpeiras, i en certas épocas do ano os reservados pra os zapateiros de Noia, cujos equipos de moita resoanza no folklore percorrían a terra galega facendo e compoñendo o calzado. Nos postos do mercado había un dereito chamado de «cuchara» ou de culler, imposto sobre os graus e cobrado por o Cabido da Catedral e por o Concello. Tiñan moita valencia os bancos dos ferradores e as pousadas. Como en toda a primeira metade do século os viaxes facíanse de acabalo, as pousadas e as casas fidalgas i eclesiásticas tiñan corte pra gardar as cabaleirías, e había outras de aluguer.

Dende antigo, a praza chamada do Ferro reservábase pra os tendeiros de ouxetos metálicos, que en certos días puñan as súas mesas. Eran asturiàs, e algùs estranxeiros. A paisaxe social i econòmica manifestaba cada día o volume dos comerciantes de orixen castelán e

leonés — rioxanos, de Terra de Campos, de Zamora, de Vilar de Cier-
vos, «maragatos» da comarca de Astorga que conqueriron a primacia
cos seus xéneros e o seu comercio «enciclópédico» — dende pólvora e
sombreiros hastra tecidos, calendarios, especias, resmas de papel, retra-
tos de xenerales e de papas — ; comercio mantido por récuas de mulas
a càrrego dos bós, cernes e honrados maragatos, que por igual levaban
a Madride un estudante por unha onza de ouro, con mantenza, empre-
gando quince ou vinte xornadas, que trasportaban en grandes teorías
de mulas requisadas, o importe das contribuciòs pra o ministerio da
Hacienda. Unha de estas expediciòs foi roubada por unha partida de
escopeteiros na costa de Vallibria, saíndo de Galiza pra o Bierzo no
maio de 1848. Nas tertulias do Espolòn comentàbase o inzamento das
novas tendas e casas dos castelàns, que medraban conforme as formas
antigas da economía pechada dos labregos iba sendo reemprazada por
o comercio e a tenda. O labrego afíxose a mercar na tenda. Os fidal-
gos e maorazgos se non decataban, envolveitos nas loitas políticas e
nas esmorgas e priguizas de un vivir desaxeitado, de como se afundían
na usura dos comerciantes, e nas unllas curiales as vellas fortunas ali-
cerzadas en foros e terras. O espolòn de Ourense miròu os bandos de
labregos alporizados por os fidalgos — por moitos fidalgos — e cregos
de aldea e frades dos prioratos, contra as instituciòs liberàs nos anos
de 1820-23; mirounos disfroitar das festas das xuras reàs e das cons-
tituciòs, pasados diante os retratos da amada raíña Isabel e da súa
nai postos nos balcòs dos edificios oficiàs, con garda militar, versos
en alegorías barrocas, mùsica de violís da capela da catedral, e seguindo
a «pompa» das proqramaciòs nà praza Maior e nas pequenas do Ferro,
do Carbòn e do Olmo. Por calquera cousa facíanse gaitadas e nas gran-
des ocasiòs armàbanse fontes de viño, e tamén corriàanse por carniceiros
e cortadores touros, màis ben becerros, na praza Maior.

O ton da vida, as angueiras das sazòs, concedían, sobre todo na
primeira metade do século, aspeitos labregos às horas e tempos da
cidade, matàndose e chamuscàndose porco nas rúas, à noite — pràctica
inda usada no remate do século — , gardàndose e facèndose o viño nas
adegas, nas mesmas rúas centrosas, curtando a leña pra as cociñas.
A iauga era carregada à esta en olas e en baldes: o baixar e rubir das
mulleres à Burga a procura da iauga quente pra as casas, a todas as
horas do día e da noite, prestaba, e aínda presta, unha gracia parti-
cular às vellas rúas e praciñas de chau de pelouros ou «cantos roda-
dos» do río Miño, despoixa, xa no derradeiro do XIX, de lousas de
pedra. Algunhas costas e prazas estiveron sempre enlousadas.

A mañan era das «rianxeiras», e a maréa dos labregos decorría por a cidade. Rezaban na ermida do Posío, na do San Lázaro o Vello e o Novo, na dos Remedios: na catedral visitaban o Cristo e tiñan medo dos demos do Pòrtico do Paraíso, onde os patròs levaban òs nenos pra que tiveran medo do pecado. Cando había execución capi-dàs os labregos sufrían de espaventos, pois nas entradas ou «portas» da cidade — deica 1830 e 40 inda se conservaron en pé os arcos de algunhas: a da Burga, a da Horta do Concello, a da Aira — e na ponte e nos sombrizos «negrillos» ou olmos do Campo do Cruceiro, eran pendurados os «coartos» e a cabeza dos enforcados. As horas centràs do día decorrían co rumor dos vellos oficios — ferreiros, tecelans, chocolateiros — pouco a pouco desbotados do centro, e socedíase o paseo de mañan dos «señores» — fidalgos, facultativos, funcionarios — à saída das oficinas — dende o 1835 en adiante, as do Estado e Provincia foron trunfando da Curia eclesiástica e da Curia civil —, as voltas por a praza, as tertulias en boticas, tendas, bufetes de abogados, o paseo en bò tempo de inverno por os arrabaldos, ca visita — e as merendas — nas viñas. A maior parte da antiga burguesía ourensà vivía das viñas, pois o comercio, ademais de non ser ben mirado en moitos círculos, estaba monopolizado por xentes alleeiras, as cales no derradeiro tercio do século xa eran entranabrementemente ourensàs.

As formas modernas, e os traballos inzados en todas as horas, en todo sexo i idade, fan esquecer o estilo «escénico» da vida do señorío nas vellas cidades, no século derradeiro. Circolàbase por as rúas como por un escaerio. Sinalàbanse as categorías sociàs, as profesiòs, hastra as ideas políticas. O pùblico eran as donas nos balcòs, fiestras e galerías, os artesans nos seus oficios, os pequenos tendeiros e os paisanos. Istes, os labregos, enxergaron no Espolòn da Praza, con respeto, còmo e de qué xeito depois dos sombreiros de tres picos e as casacas viñeron os chapeus de «medio queso» e os redingots do tempo fernandino, os sombreiros de copa, e nos derradeiros anos, cas chaquetas en troques das levitas, os «bombíns» ou «bombís» ou «bimbas». Hai de notar na indumentaria o «andalucismo», mañifestado no traxe corto en todos ou case todos os ocupados por gusto ou por profesión nos coches e cabalos. Era o indumento màis axeitado a tales anqueiras.

Os medos, como na aldea, imperaban na noite. Deica o 1820 ou 22 non se acenden os primeiros faroles no pòrtico do Concello. Foi vindo o alumiado de petròlio. Os enterros con moito cortexo de luces e frades — namentras os houbo — facíanse entre lusco e fusco; os cadavres eran velados nas eirexas; o cemiterio foi deica 1840 o adro

e praza de Santa María a Madre, ou praza da Magdalene, e tamén despoixa da Verdura por o mercado de éla. A fidalguía xuntábase en saraos e tertulias, às veces de moita etiqueta, nas casas grandes, do Marqués de Leis, no de Vilaverde de Limia, e poucas máis. Na noite, os berros tabernarios rachaban o silencio, e non fallaban as serenatas, e o canto dos serenos decindo a hora. Os medos da noite eran diferentes en cada cidade e vila.

O vivir da cidade ourensà trócase moito dende a inauguración da estrada de Castela e de Vigo. Múltiplicanse os carromatos, asombran e ademiran os cupés e berlinas elegantes, empeza a dilixencia de Castela. Todo era enxergado dende o Espolón. Falábase das primeiras casas comerciãs da «Carretera». En ningures foi tan ben posto i espresivo, como en Ourense, o nome de «calle del Progreso»; siñificou a roda de radios, o grande comercio, o novo diñeiro, un vivir de raíces inzadas no torrón labrego. O Espolón mirou as barricadas da República federal, os grandes e calmos aitos da Restauración. Dinantes se sinalaban os grupos e as individualidás moderadas, progresistas, carlistas, republicãs. Algunhas formas do vivir literario — as tertulias dos escritores, a saída, lectura e comentar dos xornaes — mañifestábanse na rúa. Despois foron os liberales e os conservadores. Pasenñamente ían morrendo os vellos «gruñeiros», albres moi ourensàs dos paseos, as casas branquexadas e barrigudas de «pallabarro» cederon o posto às de pedra, o paisano foi deixando pra os vellos os indumentos antigos, pouco a pouco a Praza Maior aminguou na súa función reitora e central da opiniòn e da moda. Familias antigas esvaecéronse na probeza, ou emigraron a outras rúas. Tivo de pechar as portas o Casino dos Cabaleiros, os sons de cuios bailes enchían en certas noites a praza. O Liceo de Artesanos, ò que se foi incorporando o señorío, fíxose a primeira sociedade de Ourense. A inauguración do ferrocarril — 1876 — chama por rúas novas e comerciãs no rumbo norde. Xa o labrego, pra mercar as súas cousas, non precisa chegar òs soportàs da Praza, nin às rúas centosas. Algunhas de elas, menos do que elas a Praza, tiveron e teñen no noso século un rexurdimento comercial. Unha festa literaria e sentimental, a inauguración do moimento ò P. M. FEIXO, sinala — 1877 — cecais, o trunfo de novas formas no vivir ourensàn.

Seguen os labregos, moitos bõs coñecedores das avenidas de Bos Aires e Caracas, chegando a Ourense con gosto e legría: van a mercar «cousas»; o labrego gosta muito do pequeno viaxe, do xantar e da palra cos amigos na cidade: os máis maxinan poñer un negocio; a burguesía mantense e anòvase ca enerxía da aldea. Os trocamentos

do vivir xa non se poden enxergar dende o palco do Espolòn: nin hai tertulias, nin case paseantes, e o vivir rexo e novo decorre lonxe da vella praza na que ,si permanece o Concello, ten desaparecido o pazo bispal, e soio se abren pequenas tendas e algùs almacés de roupas feitas. Pra imaxinar as horas do Ourense decimonònico, ten o espreitador dende o Espolòn que agardar a que ruba da Burga, entre a fría néboa do inverno, ou a grande lus estival, algunha lanzal rapaciña das poucas que inda saben levar o balde de auga quente con gracia, na cabeza, e cun leviàn movemento afastan co brazo as pingas de auga morna da frente mañanceira.